

1ª.- PROVEDOR DE SERVIZOS DE PAGAMENTO.

Ibercaja Banco, S.A. ("Ibercaja"), con domicilio na Pza. de Basilio Paraíso, 2, 50008 Zaragoza; CIF A9931903; inscrito no Rexistro Mercantil de Zaragoza no tomo 3.865, folio 1, folla Z-52186; inscrito co número 2085 no rexistro do Banco de España (C/ Alcalá, 48 de Madrid: www.bde.es), que é entidade de supervisión.

Na web pública www.ibercaja.es, na súa sección "Contacte con Ibercaja", pónense a disposición do TITULAR diversos medios de comunicación con Ibercaja. A comunicación relativa á perda, subtracción, erros ou outras anomalías débese efectuar polos medios indicados na CXC "CUSTODIA E OBRIGAS DE DILIXENCIA DO TITULAR", apartado 2.

2ª.- OBXECTO. CONSENTIMENTO DAS OPERACIÓNS E A SÚA RETIRADA

1. A tarxeta á que se refire o presente contrato (de agora en adiante «a Tarxeta») é persoal e intransferible.

Permitelle ao seu TITULAR realizar as operacións que se detallan a continuación (sempre a través da rede de establecementos, oficinas e caixeiros automáticos integrados nos respectivos sistemas de utilización):

a) Pagar bens ou servizos.

b) Obter diñeiro en efectivo (en oficinas de entidades de crédito e en caixeiros automáticos).

c) Gozar doutros servizos que se poñan á súa disposición conforme as súas normas e condicións propias.

2. As operacións de pagamento entenderanse autorizadas cando o TITULAR dese o consentimento para a súa execución. Para iso, calquera dos procedementos que se indican nas dúas CXC seguintes consideraranse válidos e vinculantes para dar o consentimento ás operacións de pagamento por parte do TITULAR. Mais, se o TITULAR non tivese a consideración de consumidor (para os efectos da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento), o simple rexistro por parte de Ibercaja da operación acreditará que a operación se realizou correctamente e que foi autorizada polo TITULAR.

Ibercaja queda á marxe das incidencias do TITULAR con respecto a terceiros sen que se inmisza no dereito que lle corresponda de interpor as accións que estime oportunas. Sen prexuízo do indicado na CXC "RESPONSABILIDADE DO TITULAR. DEVOLUCIÓN", ningunha operación realizada coa Tarxeta poderá ser revogada nin anulada polo TITULAR despois de ser recibida a operación por Ibercaja (ou por outro provedor de servizos de pagamento que interveña na operatoria) ou ben (se o beneficiario inicia a operación, destinatario dos fondos) unha vez que se transmitise ao beneficiario a orde de pagamento ou o seu consentimento para que se execute a operación de pagamento. Mais, se o TITULAR non tivese a consideración de consumidor (para os efectos da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento) a operación non poderá ser revogada nin anulada en ningún caso.

3. Ademais de empregarse en operacións de pagamento, o titular, utilizando o número do seu NIF e o seu PIN poderá, a través de Internet, ou outros medios electrónicos que Ibercaja estableza, efectuar consultas e solicitar información de calquera produto ou servizo no que figure en Ibercaja como Interveniente.

Entendese por PIN o número de identificación do TITULAR, que ten carácter persoal e intransferible, secreto e coñecido unicamente polo TITULAR.

4. As Tarxetas Ibercaja poden presentarse en formatos distintos á "tarxeta", como o "sticker", a "pulseira" ou outros dispositivos *contactless* que se poidan comercializar nun futuro.

Estes dispositivos son adicionais á tarxeta principal emitida en formato "tarxeta".

No caso das tarxetas de débito, o dispositivo adicional opera de maneira independente á tarxeta principal, con dispoñibles diarios separados, aínda que si comparten o PIN.

No caso das tarxetas de crédito, o dispositivo adicional estará vinculado a unha tarxeta principal, coa que comparte o crédito concedido, os dispoñibles diarios, a modalidade de pagamento e o PIN. Polo tanto, a modificación destes parámetros só se poderá realizar na tarxeta principal e implicará a actualización destes no dispositivo adicional.

As compras realizadas co dispositivo adicional rexístranse na tarxeta principal, efectuando un único reembolso

5. Para os contratos de tarxeta de empresa en que figure como Titular a propia empresa e como dispoñente a persoa física usuaria final, o TITULAR asume como propias, sen limitacións, todas as operacións realizadas polo dispoñente; pola súa parte, o dispoñente asume de igual forma todas as obrigas correspondentes ao TITULAR, coa única excepción das previstas na CXC "PAGAMENTO E COMPENSACIÓN DE SALDOS"; non obstante, se o dispoñente actuase fraudulentamente, tamén responderá desas obrigas de pagamento solidariamente co TITULAR.

6. A activación da tarxeta entenderase como solicitude de execución do contrato da tarxeta e recoñecemento por parte do titular de que se recibiu con anterioridade a información previa obrigatoria, así como as condicións xerais e particulares aplicables.

7. Cando a tarxeta leve dispositivos *contactless* asociados a ela (*sticker* ou *pulseira*) o titular poderá gozar dos mesmos servizos e nas mesmas condicións que unha tarxeta *contactless* a través destes dispositivos, a excepción do uso en comercio non presencial.

3ª.- UTILIZACIÓN DA TARXETA EN PAGAMENTO DE BENS OU SERVIZOS

Para satisfacer o pagamento de bens ou servizos o TITULAR queda obrigado a:

a) En comercios con presenza de ambas as dúas partes, presentar a súa Tarxeta debidamente asinada, cando o soporte o permita, e acreditar a súa personalidade, cando lle sexa solicitado, e verificar a transacción de acordo co método de validación preferente de cada tarxeta e o tipo de Terminal Punto de Venda:

(i) Se o método de validación preferente da tarxeta é o número de identificación persoal (PIN) e o Terminal Punto de Venda está adaptado á tecnoloxía EMV (é dicir, pode solicitar o tecleo do PIN), solicitarase que o TITULAR teclee o seu PIN para validar a operación.

(ii) Se o método de validación preferente da tarxeta é a sinatura, empregarase a sinatura do comprobante como método para validar a operación, aínda que o Terminal Punto de Venda estea adaptado á tecnoloxía EMV e poida solicitar o tecleo do PIN.

(iii) Se a Tarxeta do TITULAR e o Terminal Punto de Venda dispón da tecnoloxía sen contactos ("*contactless*"), para realizar o pagamento, a Tarxeta aproxímarase ao TPV a través do que se xestionará a transacción. Non será necesario teclear o PIN nin calquera outro sistema de identificación ata o límite e nas condicións vixentes en cada momento e país. O titular acepta todas as operacións realizadas a través do sistema *contactless* sen necesidade de tecleo do PIN.

b) En comercios non presenciais (Internet, teléfono ou análogos), identificar a súa Tarxeta e validar a transacción segundo lle sexa solicitado.

O TITULAR pode solicitar a modificación dos perfís operativos da súa Tarxeta que impidan o seu uso para compras en comercios a través de Internet de forma total ou parcial.

Ibercaja resérvase tamén o dereito de modificar o perfil operativo das tarxetas baixo o seu criterio como medida de prevención de fraude, logo da comunicación ao TITULAR do cambio.

O Banco comprométese a manter en comercialización outro tipo de tarxetas, que non comporten a utilización de tecnoloxía *Contactless*, e o cliente poderá solicitálas en calquera momento, e formalizar o contrato correspondente conforme as condicións vixentes nese momento.

4ª.- OBTENCIÓN DE DIÑEIRO EN EFECTIVO

A operación en caixeiros automáticos realizarase mediante a introdución ou aproximación da Tarxeta no dispositivo disposto para ese fin e do tecleo do PIN con independencia do importe solicitado; ademais o TITULAR terá que seguir as instrucións que lle sexan indicadas para a correcta utilización do caixeiro automático. A obtención de diñeiro en efectivo en caixeiros alleos á rede Ibercaja comporta a obriga do titular de reembolsar a Ibercaja a cantidade que esta tivese que satisfacer á entidade propietaria do caixeiro; esta cantidade considérase un gasto a cargo do titular.

Se a obtención de diñeiro se realiza ante o persoal de oficinas bancarias, será preciso, ademais, seguir as instrucións que lle sexan cursadas.

5ª.- CUSTODIA E OBRIGAS DE DILIXENCIA DO TITULAR

1. O TITULAR adquire o deber de custodia da Tarxeta e de todos os dispositivos *contactless* asociados a ela, propiedade de Ibercaja, que o TITULAR recibe coa obriga de destruír, tanto a tarxeta coma os dispositivos cando caduquen ou expire a relación contractual

2. O TITULAR obrígase, polo menos, a:

- Estampar a súa sinatura no espazo reservado para tal fin na Tarxeta no mesmo momento da súa recepción.
- Destruír o impreso de notificación do PIN cando o reciba, logo de memorizalo.
- Conservar e utilizar correctamente a Tarxeta e os dispositivos *contactless* asociados a ela
- Adoptar cantas precaucións sexan convenientes para evitar o coñecemento ou a utilización do PIN por terceiras persoas. En todo caso evitárase que terceiros poidan observar a marcaxe do PIN.
- Para as tarxetas que contén con tecnoloxía *contactless*, xa que para a adquisición de bens ou servizos non é necesario teclear o PIN ata o límite e nas condicións vixentes en cada momento e país, o titular deberá custodiar a tarxeta *contactless* e os dispositivos asociados, con especial dilixencia. En particular non poderá prestarlla a ninguén, evitando que terceiras persoas poidan a través da tecnoloxía *contactless* realizar operacións non autorizadas polo titular da tarxeta.
 - Non anotar o PIN na propia Tarxeta, nin nos dispositivos *contactless*, nin en calquera outro obxecto que garde ou leve con ela.
 - Evitar asignar un PIN con números facilmente deducibles por terceiros (datas de nacemento, casamento ou similares, números do DNI, matrícula de vehículo, número de teléfono, etc.).
 - Adoptar cantas precaucións sexan convenientes para evitar que terceiras persoas poidan acceder á Tarxeta, que deberá estar sempre baixo o control do TITULAR, así como aos dispositivos *contactless*
 - Destruír a Tarxeta que caducase ou que fose substituída por outra por calquera motivo.
 - Igualmente, o TITULAR obrígase a comunicar sen demoras indebidas, en canto teña coñecemento diso, a IBERCAJA, ben en calquera das súas oficinas (durante o seu horario de apertura ao público) ou ben no seu Centro de Autorizacións de Tarxetas, do seu edificio central na Plaza de Paraíso, núm. 2, de Zaragoza (cuxo número de teléfono figura na sección "Contacte con Ibercaja" de www.ibercaja.es, e que conta con servizo telefónico 24 horas ao día, 365 días ao ano e no que IBERCAJA poderá gravar a conversación telefónica para que poida ser utilizada, en caso de discrepancia, ante calquera órgano, administrativo, xurisdiccional ou de calquera outro xénero, para o que O TITULAR presta o seu consentimento) os seguintes termos:
 - a) Perda, subtracción (para o cal IBERCAJA poderá esixir o resgardo da correspondente denuncia ante a autoridade competente) ou mal funcionamento da Tarxeta ou dos dispositivos asociados a ela
 - b) Anotación na Conta-Tarxeta, ou en calquera outra conta do TITULAR, dunha transacción non autorizada.
 - c) Calquera outro erro ou anomalía na xestión da Tarxeta, nos dispositivos *contactless* ou das contas do TITULAR.

O TITULAR asume a obriga de adoptar cantas medidas sexan convenientes para tomar coñecemento canto antes das circunstancias antes referidas.

6ª.- MODALIDADES DE PAGAMENTO

1. Establécense as seguintes modalidades de pagamento para que o TITULAR, de acordo con IBERCAJA e segundo o tipo de tarxeta (que figura nas C.P.), se acolla á que máis lle conveña:

a) Débito: cargo directo e automático na conta asociada. Non obstante, nas operacións realizadas «fóra de liña», poderá existir un diferimento temporal ata que a anotación chegue aos sistemas de IBERCAJA; por iso, a revogación da autorización do cargo na conta asociada (ou a cancelación desta) non ocasionará efectos con respecto a estas operacións xa realizadas pero pendentes de asentar, sendo igualmente responsables solidarios do seu pagamento todos os TITULARES da conta asociada.

b) Crédito: cargo directo e automático na conta tarxeta. O reembolso do crédito dependerá da modalidade pactada (ben "pagamento diferido", ben "pagamento fraccionado" ou ben "financiamento especial de operacións"); as contas nas que se verificará o reembolso (en caso de haber saldo suficiente) serán as indicadas na C.G.C. "PAGAMENTO E COMPENSACIÓN", alínea 2.

(i) En pagamento diferido, o reembolso serao polo total das cantidades dispostas, coa periodicidade indicada nas C.P. "PERIODICIDADE".

(ii) En pagamento fraccionado, o reembolso serao como mínimo pola cantidade fixada nas C.P. "IMPORTE MÍNIMO REEMBOLSO", salvo que o saldo debedor da conta tarxeta sexa menor, en cuxo caso o cargo serao por esta última cantidade; o importe de reembolso mensual, cando resulte superior a 10 €, redondearase á baixa á decena inmediatamente inferior; a periodicidade dos reembolsos é a que se indica nas C.P. "PERIODICIDADE". O número de pagamentos dependerá do saldo disposto e do importe ou porcentaxe mensual de reembolso indicada nas condicións particulares.

(iii) En "financiamento especial de operacións", o titular poderá solicitar a Ibercaja o financiamento de cada unha das operacións a crédito en modalidade de "pagamento diferido" realizadas coa tarxeta, cuxo xuro corresponde ao marcado no recadro "pagamento fraccionado", consistente en adiar o pagamento ata en 18 meses; o importe pendente destas operacións financiadas continuará integrando o saldo disposto da conta tarxeta, pero cunha modalidade de pagamento ou un prazo de pagamento diferente. Os datos particulares do crédito (importe, número e periodicidade dos pagamentos) indicaranse previamente a ser aceptado polo titular no momento da petición do financiamento.

Para calquera modalidade de crédito, se en calquera momento o saldo debedor da conta tarxeta supera o límite de crédito concedido, este diferencial terá a consideración de excedido.

Se por falta de saldo nas contas indicadas na C.G.C. "PAGAMENTO E COMPENSACIÓN", alínea 2, non se verificase o reembolso, o importe non reembolsado permanecerá na conta tarxeta coa consideración de non pagado, salvo que Ibercaja decidise efectuar o cargo en descuberto naquelas contas alí indicadas.

c) Prepagamento: É necesario ingresar previamente diñeiro na tarxeta para podela utilizar como medio de pagamento. O diñeiro que se ingresa na tarxeta pode provir: dunha conta de IBERCAJA, de efectivo, ou doutra tarxeta de crédito ou débito.

2. Se as operacións intentadas carecen da oportuna provisión de fondos (en débito e prepagamento) ou límite dispoñible (en crédito) serán rexeitadas por Ibercaja, excepto o caso excepcional de operacións "fóra de liña".

3. A modalidade de pagamento poderá ser única (é dicir, a mesma para todas as operacións realizadas coa tarxeta) ou múltiple (é dicir, cada operación poderá ter a súa propia modalidade de pagamento, coas súas propias devindicacións).

4. Este contrato non prevé unha garantía de reembolso do importe total do crédito do que se dispuxese en virtude deste contrato, salvo que se conceda a antedita garantía.

7ª.- CONTA-TARXETA

1. Para o funcionamento a crédito da tarxeta, existe a Conta-tarxeta, que funciona como unha conta de crédito na que se anotan: No DEBE:

- Os importes das operacións da tarxeta.
- As comisións e gastos.
- Os xuros, tanto ordinarios coma moratorios e de excedidos, que poderán capitalizarse para devindicar novos xuros.

No HABER:

- As anulacións/devolucións de operacións que, con carácter extraordinario, se produzan.
- Os aboamentos realizados para reducir/cancelar os saldos debedores da Conta-tarxeta.

2. Dada a posibilidade de que concorran nunha mesma tarxeta diversas modalidades de pagamento, o saldo debedor da Conta-tarxeta integrará a totalidade da operatoria realizada, aínda que cada operación o sexa de conformidade coas súas características propias.

8ª.- XUROS

1. Xuros ordinarios. Nas C.P. detállanse os conceptos que dan lugar á devindicación de xuros ordinarios e as tarifas aplicables en cada caso. Inclúense en "Efectivo" as disposicións de diñeiro en caixeiros e portelos. Inclúense en "Cuasi-Efectivo" as compras realizadas nos sectores de actividade de casinos, lotarías e apostas, así como os traspasos entre tarxetas e traspasos de tarxeta a conta asociada. O resto de operacións son consideradas "Compras". En cada concepto inclúense as comisións cobradas por eles. Os xuros ordinarios serán devindicados operación por operación desde a data da súa realización, liquidándose no día 1 de cada mes, incluíndo todas as operacións no anterior mes natural.

A data valor da anotación será a do día seguinte hábil ao da liquidación; non obstante, IBERCAJA poderá realizar a anotación de cargo ou de pagamento nos cinco días hábiles seguintes a aquela data valor.

Na valoración de operacións aplicaranse os criterios establecidos na Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento, e as súas normas de desenvolvemento.

2. Xuros de excedidos e de mora. Excedidos: se por calquera motivo o saldo debedor do crédito excedese do límite vixente en cada momento, IBERCAJA poderá aplicar sobre a parte excedida a taxa nominal mensual pactada nas C.P. "XURO SALDOS EXCEDIDOS". Mora: os importes non pagados devindicarán ata a súa total cancelación a taxa nominal mensual pactada nas C.P. "XURO DE MORA". A liquidación destes xuros producirase no día en que fose efectuado o pagamento.

Os xuros de excedidos e os de mora poderán ser aplicados a calquera modalidade de crédito (sexa pagamento diferido ou fraccionado).

3. En caso de cancelación ou de vencemento anticipado, a liquidación dos xuros producirase nese momento, non sendo preciso agardar a outras datas previstas de liquidación.

4. Os saldos acredores que, por motivos extraordinarios, puidesen producirse na conta tarxeta, non devindicarán xuros.

5. Fórmula de cálculo. Para o cálculo dos xuros utilizaranse as fórmulas que seguen:

(I) Para os xuros ordinarios

$I = \sum S_n \cdot S_{Dn} \times T_n \times 12/36000$, onde S_{Dn} é o saldo debedor do día "n" e T_n é a taxa de xuro nominal "mensual" aplicable ao día "n".

(II) Para os xuros excedidos:

$I = \sum S_n \cdot S_{En} \times T_n \times 12/36000$, onde S_{En} é o saldo excedido do día "n" e T_n é a taxa de xuro nominal "mensual" aplicable ao día "n".

(III) Para os xuros de mora cobrados para períodos inferiores a 12 meses:

$I = R \cdot T \cdot 12 \cdot D / 36000$, onde R é o importe recobrado, T a taxa de xuro nominal mensual e D o número de días non pagado.

(IV) Para os xuros de mora cobrados para faltas de pagamento superiores a 12 meses:

$I = R \cdot ((1 + (T \cdot 365/30)/100)^{(D/365)} - 1)$, onde R é o importe recobrado, T a taxa de xuro nominal mensual e D o número de días non pagados.

(V) Para a TAE aplicarase a fórmula conforme a Lei 16/2011, de 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo; a Orde EHA/2899/2011, de 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios; e a Circular 5/2012, de 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos. Os parámetros utilizados para este cálculo serán os recollidos nas C.P.

9ª.- LÍMITES DA CONTA-TARXETA. REDUCIÓN DO SALDO DEBEDOR

1. O límite dispoñible da conta tarxeta, que ten carácter rotatorio, é o especificado nas C.P. "CRÉDITO CONCEDIDO" do que o TITULAR poderá dispor de acordo co pactado. O saldo debedor da conta tarxeta reducirá na mesma medida o límite dispoñible.

2. As reducións do saldo debedor poderán ser realizadas por calquera dos cargos expresados na C.G.C. "PAGAMENTO E COMPENSACIÓN", alínea 2.

10ª.- PAGAMENTO E COMPENSACIÓN DE SALDOS

1. O TITULAR será debedor de IBERCAJA polos importes dos comprobantes, xuros, comisións e gastos que correspondan a operacións da tarxeta. Entre os gastos a cargo do titular, inclúense, sen excluír ningún outro concepto, as cantidades que IBERCAJA tivese que pagar á entidade propietaria do caixeiro pola súa utilización.

O TITULAR fica obrigado a pagar a IBERCAJA as sumas debidas polas operacións coa súa tarxeta, nas datas que se determinaren, de acordo coa modalidade de pagamento que for establecida. Todos os TITULARES responden solidariamente fronte a IBERCAJA por calquera obriga dimanante do aquí pactado.

En caso de falta de pagamento, alén das penalizacións previstas neste contrato, podería haber para o titular graves consecuencias (por exemplo a venda forzosa) e dificultar a obtención dun crédito.

2. O pagamento das cantidades indicadas realizarase por medio de cargo na conta asociada vixente en cada momento ou, na súa ausencia, en calquera outra conta ou depósito aberto a nome do TITULAR.

Entenderanse compensables e garantidas entre si as diversas contas e depósitos de calquera natureza dun mesmo cliente (aínda que sexa con outros cotitulares) mantidas en calquera oficina de Ibercaja aínda que fosen de moeda diferente.

Os titulares autorizan irrevogablemente Ibercaja para que, co fin de cancelar ou reducir toda clase de débito que calquera deles (aínda que sexa con outros cotitulares) manteña con Ibercaja, esta entidade poida unilateralmente aplicar ou traspasar os saldos acredores de calquera conta ou depósito (de valores, mesmo realizando a súa venda, ou de diñeiro en calquera moeda) dos que

poida dispor como titular. Ademais, Ibercaja queda facultada para impedir ao titular dispor destes saldos acredores na medida en que non cancele aquel débito.

11ª.- RESPONSABILIDADE DO TITULAR. DEVOLUCIÓNS

1. OPERACIÓNS NON AUTORIZADAS.

a) CONSUMIDORES (se o titular tivese a consideración de consumidor para os efectos da Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento). O titular soportará, en ata un máximo de 150 euros, as perdas derivadas de operacións de pagamento non autorizadas resultantes da utilización dun instrumento de pagamento extraviado ou subtraído.

Non obstante, o titular soportará integramente (sen que opere aquela franquía) o total das perdas en consecuencia de operacións de pagamento non autorizadas que sexan resultado da súa actuación fraudulenta ou do incumprimento, deliberado ou por negligencia grave, dalgunha das obrigas indicadas na C.G.C. "CUSTODIA E OBRIGAS DE DILIXENCIA DO TITULAR."

Agás en caso de actuación fraudulenta, o TITULAR non soportará consecuencia económica ningunha pola utilización, con posterioridade á notificación a que se refire a C.G.C. "CUSTODIA E OBRIGAS DE DILIXENCIA DO TITULAR" dun instrumento de pagamento extraviado ou subtraído.

Se Ibercaja non ten dispoñibles medios adecuados para que poida ser notificado en todo momento o extravío ou a subtracción dun instrumento de pagamento, o titular non será responsable das consecuencias económicas que deriven da utilización dese instrumento de pagamento, excepto en caso de que actuase de maneira fraudulenta.

b) NON CONSUMIDORES. Se o titular non tivese a consideración de consumidor (para os efectos da Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento), non operará a franquía indicada na letra precedente desta C.G.C., e o TITULAR soportará integramente as perdas coa única excepción daquelas derivadas da utilización da tarxeta con posterioridade á notificación a Ibercaja da súa perda ou extravío, e sempre que o TITULAR actuase coa maior dilixencia (se non actuase así, tamén deberá asumir integramente as perdas).

c) PRAZO. O titular deberá comunicar a Ibercaja sen tardanza inxustificada calquera operación non autorizada ou executada incorrectamente. Sen prexuízo do deber inescusable do titular de efectuar esa comunicación sen tardanza inxustificada, Ibercaja rexeitará calquera reclamación que se produza unha vez transcorridos, desde a data do pagamento ou cargo, quer 13 meses (se o titular tivese a consideración de consumidor para os efectos da Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento) quer 15 días (se o titular non tivese esa consideración).

d) DEVOLUCIÓN. Unha vez verificada a falta de autorización, devolverase o importe procedente ao TITULAR decontado.

2. OPERACIÓNS AUTORIZADAS INICIADAS POR UN BENEFICIARIO OU A TRAVÉS DEL.

a) CONSUMIDORES (se o titular tivese a consideración de consumidor para os efectos da Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento). O titular terá dereito á devolución por Ibercaja da cantidade total correspondente ás operacións de pagamento autorizadas, iniciadas por un beneficiario ou a través del, que fosen executadas sempre que se satisfagan as seguintes condicións: (i) cando foi dada a autorización, esta non especificaba o importe exacto da operación de pagamento, e (ii) o antedito importe supera o que o ordenante podía esperar razoablemente tendo en conta as súas anteriores pautas de gasto, as condicións do seu contrato marco e as circunstancias pertinentes para o caso. A pedimento de Ibercaja, o ordenante deberá achegar datos de feitos referentes ás anteditas condicións.

Non obstante, o titular non terá dereito a devolución se transmitiu directamente o seu consentimento á orde de pagamento ao provedor de servizos de pagamento e sempre que o antedito provedor ou o beneficiario lle proporcionasen ou puxesen ao seu dispor a información relativa á futura operación de pagamento polo menos con catro semanas de antelación á data prevista.

O TITULAR poderá solicitar a devolución a que se refire este punto durante un prazo máximo de oito semanas contadas a partir da data de cargo dos fondos na súa conta.

b) NON CONSUMIDORES. O titular non será acredor dos dereitos enunciados na letra precedente, polo que Ibercaja poderá rexeitar todas as peticións de devolución das operacións autorizadas iniciadas por un beneficiario ou a través del.

12ª.- RESPONSABILIDADE DE IBERCAJA

1. Coas limitacións que se indican nesta CGC, IBERCAJA será responsable fronte ao TITULAR da correcta execución da operación de pagamento ata o momento no que se aboe o seu importe na conta do fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario (ou na mesma conta deste se non coexistise un fornecedor de servizos de pagamento diferente de IBERCAJA).

2. IBERCAJA responsabilízase unicamente das perdas directas sufridas polo TITULAR e causadas directamente por un mal funcionamento do sistema de IBERCAJA. En calquera caso, a responsabilidade de IBERCAJA límitase ao importe da operación incorrectamente realizada e, se é o caso, dos seus xuros. Neste sentido, atendendo á natureza dos medios tecnolóxicos previstos neste contrato, o TITULAR acepta que a responsabilidade de IBERCAJA, como consecuencia de erros ou actos culposos, sexa limitada á obriga de realizar correctamente a operación ordenada, sen considerar outros danos ou prexuízos causa do incumprimento, tales como frustración doutros negocios ou expectativas de lucro. Non entanto, IBERCAJA non asume ningunha responsabilidade se o TITULAR podía coñecer o mal funcionamento, ben por unha mensaxe no sistema, ben por calquera outro medio.

IBERCAJA queda exenta dos prexuízos que se puidesen derivar de (i) a actuación de terceiros, xa sexan interferencias, omisións, interrupcións, avarías telefónicas ou desconexións no funcionamento operativo do sistema escollido (teléfono, Internet, etc.), motivadas por causas alleas a IBERCAJA; (ii) atrasos ou bloqueos no uso do sistema escollido causados por deficiencias, sobrecargas das liñas telefónicas ou sobrecargas no sistema de Internet ou noutros sistemas electrónicos; (iii) danos que poidan ser causados por terceiras persoas mediante intromisións ilexítimas no sistema escollido, fóra do control de IBERCAJA, así como (iv) os derivados de circunstancias excepcionais e imprevisibles fóra do control de IBERCAJA cuxas consecuencias fosen inevitables a pesar de todos os esforzos en sentido contrario ou no caso de que a IBERCAJA se lle apliquen outras obrigas legais.

13ª.- DOMICILIO E COMUNICACIÓNS. CONFORMIDADE DO TITULAR

1. Para os efectos de notificacións tomarase como domicilio do TITULAR o que se fai constar neste contrato. O TITULAR queda obrigado a notificar por escrito a IBERCAJA o troco do seu domicilio; en todo caso o novo domicilio para notificacións que se designe deberá estar comprendido dentro dos límites do territorio español.

2. Cando a modalidade sexa "crédito" (pagamento diferido ou aprazado) e se se tivesen realizado operacións coa tarxeta, IBERCAJA comunicarállas ao TITULAR de xeito agrupado, de acordo coa periodicidade establecida nas Condicións Particulares. Cando a modalidade sexa "débito" ou "prepago" as operacións notificaranse nas comunicacións previstas na conta de depósito de efectivo ou tarxeta da que procedan os fondos.

3. Nas comunicacións ás que se refire o parágrafo anterior poderánselle notificar ao TITULAR as modificacións do contrato que, de acordo co pactado na CGC "MODIFICACIÓN DO CONTRATO POR PARTE DE IBERCAJA", se poidan producir. Tamén poderán ser utilizadas para tal fin, indistintamente, as comunicacións periódicas dimanantes da conta asociada á tarxeta.

4. Se o TITULAR non tivese a consideración de consumidor (para os efectos da Lei 16/2009, de 13 de novembro, de servizos de pagamento), entenderanse aceptados e conformes todos os asentos anunciados ou realizados agás que o TITULAR manifeste por escrito a IBERCAJA a súa desconformidade no prazo de 15 días desde, respectivamente, o anuncio ou a realización do apuntamento.

14ª.- PREZO DOS PRODUTOS E SERVIZOS

Establécense as seguintes comisións que deberá pagar o TITULAR da tarxeta, cuxo importe será o que figura nas condicións particulares deste contrato.

- Cota anual, que será cobrada por anticipado en períodos semestrais.
- Comisión por disposicións en efectivo, tanto en España como no estranxeiro (ámbito SEPA e non SEPA) e distinguíndose se o son en portelos ou en caixeiros automáticos.
- Comisión por consultas de operacións varias en caixeiros.
- Comisión por emisión de duplicados de tarxetas.
- Comisión por reclamación de posicións debedoras vencidas: percibirase por unha única vez e sobre cada nova posición debedora, sempre que tal reclamación se realice.
